



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:25 horas do día 9 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 6b, 6c, 7b, 7c e 9b)  
D. Guillermo Domínguez López (asiste aos puntos 2b e 4a)  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 2a e 5a)  
D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 6d, 7d e 8b)  
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 2b e 3b)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2c, 3a, 6a, 7a e 8a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 28 de outubro de 2016**

Apróbase a acta da sesión do 28 de outubro de 2016 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

**b) Acta da sesión do 2 de novembro de 2016**

Apróbase a acta da sesión do 2 de novembro de 2016 cos votos de D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey, D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

**2.- Apertura da documentación persoal**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na súa sesión do 2 de novembro de 2016 se outorgou un prazo de 3 días hábiles á empresa BIGLAB, SLU para que emendara a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente a solvencia técnica e profesional. Dos contratos que declara a empresa só dous gardan relación co obxecto do contrato, polo que a solvencia técnica resulta insuficiente.

A empresa presenta un escrito na data 4 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido (que remataba o 7 de novembro) ao que achegan nova declaración responsable.

Cualificada a anterior documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, admitir á empresa BIGLAB, SLU por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, sen prexuízo de que poida resultar excluída no momento de acreditar a posesión e validez dos documentos esixidos nos artigos 146.4 e 151.2 do TRLCSP.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na súa sesión do 2 de novembro de 2016 se outorgou un prazo de 3 días hábiles á empresa ITURRI, SA para que emendara a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente a solvencia técnica e profesional dos lotes 3 e 4, por resultar insuficiente.

A empresa presenta un escrito na data 4 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido (que remataba o 7 de novembro).

Cualificada a anterior documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, admitir á empresa ITURRI, SA por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, sen prexuízo de que poida resultar excluída no momento de acreditar a posesión e validez dos documentos esixidos nos artigos 146.4 e 151.2 do TRLCSP.

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)**

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, sen prexuízo de que poida resultar excluída no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

momento de acreditar a posesión e validez dos documentos esixidos nos artigos 146.4 e 151.2 do TRLCSP:

1. TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU
2. INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU
3. SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, SA (SERMICRO)
4. COREMAIN, SLU<sup>1</sup>
5. ASAC COMUNICACIONES, SL<sup>2</sup>
6. ACUNTIA, SA<sup>3</sup>
7. INFORHOUSE, SL
8. EDNOM, SL
9. SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SAU

<sup>1</sup> COREMAIN, SLU e SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SAU pertencen ao mesmo grupo de empresas, segundo consta nas súas declaracións

<sup>2</sup> ASAC COMUNICACIONES, SL presenta unha copia en papel e outra en formato dixital

<sup>3</sup> ACUNTIA, SA presenta unha copia en papel e outra en formato dixital

### **d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)**

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” do único licitador presentado. Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade dos membros presentes, admitir inicialmente neste procedemento a CREACIONES LUMINOSAS, SL por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, sen prexuízo de que poida resultar excluída no momento de acreditar a posesión e validez dos documentos esixidos no artigos 146.4 e 151.2 do TRLCSP.

### **3.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” da única oferta presentada e admitida, correspondente á empresa CREACIONES LUMINOSAS, SL,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

que declara confidencial a súa oferta. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO LOTE 1 (€)	PREZO LOTE 2 (€)	PREZO LOTE 3 (€)	PREZO LOTE 4 (€)	PRAZO GARANTIA (anos)
SELVIGO, SL			18.148,79		5
INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, SL		98.676,95			0
ITURRI, SA	136.596,90		23.897,50	70.512,75	5
ELIAS JADRAQUE, SA			15.990,00	32.750,00	1
DRAGER SAFETY HISPANIA, SA				41.597,00	2

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

#### 5.- Apertura técnica e económica

##### a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

En acto público abriuse o Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO
C.A. TOTALITY GROUP, SLU	52.000,00 €
BIGLAB, SL	56.867,58 €

As dúas empresas presentan dous exemplares da documentación: un en papel e outro en formato dixital.

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### 6.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

Entrégase o informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 2 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de clasificación.

#### b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 7 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor". Neste informe faise constar que a proposición presentada pola empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL non se valora "pola inclusión de información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B".

#### c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas do 7 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

#### d) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade do 7 de novembro de 2016 de valoración do sobre B e proposta de clasificación.

### 7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

Acéptase o informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 2 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de clasificación.

#### b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)**

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 7 de novembro de 2016 e acórdase, por unanimidade dos membros da Mesa, excluír a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL “*pola inclusión de información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B*”, segundo consta no citado informe. Ao incluír información doutra obra a proposición non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas que rexe esta contratación (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)**

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas do 7 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**d) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)**

Acéptase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade do 7 de novembro de 2016 de valoración do sobre B e proposta de clasificación.

**8.- Proposta de clasificación****a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)** na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

VALORACIÓN TOTAL			
Valoración	Técnica	Económica	Total
<b>TELINCO</b>			
Valoración	14,7	76,46	91,16
<b>PAZ DISMAC</b>			
Valoración	14,75	71,33	86,08
<b>AEVIGO</b>			
Valoración	16,25	67,86	84,11
<b>SIVSA</b>			
Valoración	15,5	64,89	80,39
<b>HERBECON</b>			
Valoración	17,3	59,49	76,79
<b>PLEXUS</b>			
Valoración	14,5	44,01	58,51
<b>INFOSER</b>			
Valoración	15,2	9,39	24,59
<b>INFORHOUSE</b>			
Valoración	15,5	7,80	23,30
<b>TELEFONICA</b>			
Valoración	15,5	7,51	23,01

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **TELINCO INFORMÁTICA, SLU**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 872,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única oferta presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado para a contratación do **Subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)** na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCEÍAS PRIETO-PUGA, SL	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCEÍAS PRIETO-PUGA, SL**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 9.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na súa sesión do 18 de outubro de 2016,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL, por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) na seguinte orde decrecente:*

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	TOTAL
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	18,25	79,62	97,87
CLECE, SA	13	80	93,00
ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5	17,25	62,15	79,40
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	7,5	32,76	40,26

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.776,42 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado o 18 de outubro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, que presenta a documentación requirida o 28 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 2 de novembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que non consta a póliza do seguro de responsabilidade civil por danos no edificio (esixida na cláusula 21 e no apartado 14A do Anexo I -FEC- do prego



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de cláusulas administrativas particulares) nin a documentación acreditativa ou, no seu caso, declaración actualizada e concreta do compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais esixidos no apartado 6D das FEC (en relación coa cláusula 21), aos que se comprometeu na súa oferta. En base ao anterior, concedéuselle un prazo de tres días hábiles para a presentación da citada documentación. Esta documentación foi presentada a través de dous escritos de datas 4 e 7 de novembro de 2016.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de novembro de 2016 examina a documentación presentada pola empresa nas datas 4 e 7 de novembro comprobando que é correcta.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adjudicar a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA o procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) coas seguintes condicións:*

1. *O prezo total do contrato é de 3.101.287,24 euros (IVE exento).*
2. *Comprométese a achegar seis medias xornadas laborais anuais, durante todo*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*o período do contrato, sen custo adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada."*

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa de Contratación que na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2016 se comprobou que a empresa non acreditou o depósito da garantía complementaria que se esixe na cláusula 22 e apartado 10B do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, por terse cualificado inicialmente a súa oferta como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e terse xustificado adecuadamente e admitido para a súa valoración. Así mesmo, non consta na documentación presentada a copia do recibo de pagamento da prima do período en curso, sen a cal o certificado do seguro de responsabilidade civil que achega carece de validez (como así consta no propio certificado). En base ao anterior, concedéuselle á empresa un prazo de tres días hábiles para que presentase a citada documentación, que foi presentada o 3 de novembro de 2016.

A Mesa comproba que a empresa acredita o pagamento da póliza coa presentación do recibo se ben constata que non inclúe o importe. Consultada a empresa telefonicamente durante a propia sesión, confirma que obviou ese dato por considerar que xa queda acreditado coa presentación do recibo o pagamento da póliza e ser este o documento que acostuman presentar en todas as Administracións coas que licitan.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

### **ANTECEDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que rectifica o adoptado na sesión do 7 de outubro:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:*

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
- HORDESCON, SL
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA

*Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):*

- REALTURF SYSTEMS, SL
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL
- NAROM, SL

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:*

Empresas	Puntuación
MONDO IBERICA, SA	80,00
MECANO SPORT, SL	78,42
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	77,23
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL	64,54
NATURF DEVELOP, SL	64,10
SPORT EQUIPALIA, SL	46,21

*Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Quinto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado o 11 de outubro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, que presenta a documentación requirida o 21 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2016, comprobou que a empresa non acreditou o depósito da garantía complementaria que se esixe na cláusula 22 e apartado 10B do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, por terse cualificado inicialmente a súa oferta como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e terse xustificado adecuadamente e admitido para a súa valoración. Así mesmo, non consta na documentación presentada a copia do recibo de pagamento da prima do período en curso, sen a cal o certificado do seguro de responsabilidade civil que achega carece de validez (como así consta no propio certificado). En base ao anterior, concedéuselle á empresa un prazo de tres días hábiles para que presentase a citada documentación, que foi presentada o 3 de novembro de 2016.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de novembro de 2016 examina a documentación presentada pola empresa nas datas 21 de outubro e 3 de novembro comprobando que é correcta.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBERICA, SA.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a MONDO IBERICA, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 160.928,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.929,79 euros.*
- b) *O prazo de garantía increméntase en 156 meses, polo que o prazo total é de 168 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 9 de novembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación

David Regades Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 09:03	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH42-CB4FC7-8HD6EB-ASTDC9-4WKBJW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		